

## Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de xuño do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 13 de xuño de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 7 de xuño de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Comunicaci3n previa (actividade).
- 5º.- Licenza de primeira ocupaci3n.
- 6º.- Rogos e preguntas.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 7 DE XUÑO DE 2017.**

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do día 7 de xuño de 2017.

### **SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por MARIA CASAL ZUMALAVE, con domicilio en Chave de Ponte 18, Bastavales, na que comunica que vai ampliar o portal de acceso á vivenda de Chave de Ponte 18, Bastavales, que pasará de ter 1,50 m. de ancho a 3,00 metros, tirando parte do muro existente.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural, 3rea consolidada pola edificaci3n (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por ESTHER VILLAR FARIÑA, con domicilio en Babenzo 28, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Babenzo 28, Bastavales, substituindo a cobertura actual por outra nova a base de uralita e tella, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por MARIA VICTORIA VARELA RODRIGUEZ, con domicilio en Beca 11, Bastavales, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Beca 11, Bastavales:

- Recebar e pintar o muro de peche do fronte da vivenda, de 27 metros de lonxitude.
- Substituci3n dunha vent3 na cuberta da vivenda.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL RUSO GOMEZ, con domicilio en Estrada de Catabois 603, Ferrol, na que comunica que vai reparar a cuberta do galpón situado na parte traseira da vivenda da Avd. dos Ánxeles 66, Os Ánxeles, substituindo a cobertura actual por outra de pranchas de fibrocemento e tella do país, nunha superficie de 35 m<sup>2</sup>, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o encontro se resolva ao xeito tradicional e as pranchas de fibrocemento non voen do encontro coa fachada.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE PEDRO CAMBON FERNANDEZ, con domicilio en Fonte Paredes 17, Ons, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre situado en Fonte Paredes 17, Ons, substituindo a tella existente por outra nova, nunha superficie de 60 m<sup>2</sup>, sen incrementar o seu volume.

O concelleiro José Pedro Cambón Fernández abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANGEL JESUS MATILLA CARRO, con domicilio en Avd. Vicente Ramos 16, Os Ánxeles, na que comunica que vai encintar a parede de pedra da vivenda da Avd. Vicente Ramos 16, Os Ánxeles (no lateral que da á Rúa do Gafo), nunha superficie de 80 m<sup>2</sup>.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE RAMON BLANCO FIDALGO, con domicilio en Piñeiro 17, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Piñeiro 17, Os Ánxeles:

- Aplacado en pedra de 2 cm. nas fachadas da vivenda.

- Recercado en pedra de 10 cm. nas ventás.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN VILOUTA CASAL, con domicilio en Chave de Carballo 9, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta da

vivenda de Chave de Carballo 9, Bastavales, substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIO ALBERTO CASTRO BLANCO, con domicilio en Dr. Ulpiano Villanueva 7, 1ºD, Santiago de Compostela, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Bastavaliños, Bastavales, finca con referencia catastral 7220412NH2472S0000SD:

- Construción dun peche de 23 metros de lonxitude con muro de formigón e maia metálica.
- Colocar portalón de entrada á parcela.
- Repara o muro de pedra que linda con outra propiedade substituíndo a maia metálica existente por outra nova.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 6 de xuño de 2017 (expediente 914/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O muro de formigón terá unha altura máxima de 1,20 metros sobre a rasante natural do terreo, e quedará enfuscado e pintado nunha cor da gama dos brancos.
- A parte do peche de maia metálica terá a altura máxima de 1,80 metros medidos sobre a rasante natural do terreo, tanto no peche novo como no muro de pedra existente.
- O novo peche, no seu linde co vial público, afastarase como mínimo 5 metros desde o eixo do camiño polo oeste e a 6 metros desde o eixo do camiño polo sur.
- Logo de rematar a actuación, no prazo de 6 meses, deberá remitir á Xefatura Territorial da Coruña (Servizo de Patrimonio Cultural), unhas fotografías a cor do inmovible.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIO ALBERTO CASTRO BLANCO, con domicilio en Dr. Ulpiano Villanueva 7, 1ºD, Santiago de Compostela, na que solicita licenza para construír un galpón de 24 m<sup>2</sup> en Bastavaliños, Bastavales, finca con referencia catastral 7220412NH2472S0000SD, con bloques de formigón e pranchas de fibrocemento e tella do país como material de cubrición.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 6 de xuño de 2017 (expediente 915/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O cerramento de bloques de formigón quedará convenientemente enfuscado e pintado nunha cor da gama dos brancos.
- A altura máxima do galpón será de 3 metros, no seu punto mais desfavorable, e estará situado a 3 metros mínimo dos lindeiros.
- Logo de rematar a actuación, no prazo de 6 meses, deberá remitir á Xefatura Territorial da Coruña (Servizo de Patrimonio Cultural), unhas fotografías a cor do inmovible.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por JULIO GARCIA RUSO, con domicilio en Ons de Abaixo 18, Ons, na que solicita licenza para reparar a cuberta da vivenda de Ons de Abaixo 18, Ons, de 75 m<sup>2</sup>, substituíndo a tella existente por uralita e tella nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 6 de xuño de 2017 (expediente 915/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O encontro resolverase ao xeito tradicional, e as pranchas de fibrocemento non voarán do encontro coa fachada.

- Logo de rematar a actuación, no prazo de 6 meses, deberá remitir á Xefatura Territorial da Coruña (Servizo de Patrimonio Cultural), unhas fotografías a cor do inmovible.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).**

a) Deuse conta dun escrito asinado por José Antonio Fernández González, que di actuar en representación de CIRCO DE VIENA ROLLER, con domicilio en Fragoso nº 92, 1ºD, Vigo, para o funcionamento da actividade lúdica de circo, que se instalará temporalmente entre o 15 e o 18 de xuño de 2017 na parcela propiedade da empresa Urban Portfolio Inmobiliario SL, situada na Rúa Tarrío, Brión, segundo proxecto de actividade redactado polo enxeñeiro industrial Jordi Valiente Prat, visado nº 138579, de data 01/07/2015 e para a colocación de carteis publicitarios para a difusión da actividade de circo.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal, toma coñecemento da comunicación efectuada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e autoriza:

1º) A actividade de circo na Rúa Tarrío, Brión, entre o 15 e o 18 de xuño de 2017, debendo realizarse polo Departamento de Urbanismo as inspeccións de comprobación necesarias para o correcto funcionamento da actividade segundo o artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º) A colocación de carteis coa condición de que se retiren no prazo de 3 días a contar desde o día seguinte ao da finalización da actividade.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **QUINTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JAVIER TUÑEZ FERNANDEZ, con domicilio en Avd. da Mahía 103, 1ºC, Bertamiráns, Ames, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en O Enxo 12, Brión.

Con data 24/07/2015 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Javier Túñez Fernández e a María Dolores Pampín Fernández para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto F. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/03/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González